



A Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica (CACFT) reunida en data 12 de decembro de 2012, á vista da solicitude formulada pola Comisión de Farmacia e Terapéutica do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, Complexo Hospitalario Universitario de A Coruña e Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, **CONSIDERA PERTINENTE**, de acordo á instrución 4/2010 do 26 de abril da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, a inclusión na guía farmacoterapéutica das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, do medicamento considerado de alto impacto, sanitario, social e económico:

PACLITAXEL- ALBUMINA

Na indicación de tratamento en monoterapia do cancro de mama metastásico en pacientes adultos candidatos a tratamento con taxanos nos que fracasara ou progresara o tratamento de 1ª liña da enfermidade metastásica, para os que non esté indicada a terapia estándar con antraciclina, e que **presentaran co tratamento de paclitaxel e/ou docetaxel unha reacción de hipersensibilidade, ou ben intolerancia/reacción adversa grave e documentadas.**

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2013

O PRESIDENTE DA COMISIÓN AUTONÓMICA CENTRAL DE FARMACIA E TERAPÉUTICA

D. Félix Rubial Bernardez

COMISIÓNS DE FARMACIA E TERAPÉUTICA DOS CENTROS HOSPITALARIOS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE